

**PROGRAMA COOPERATIVISMO NOS CENTROS DE ENSINO
TÁBOAS REDONDAS “MONTAR UNHA COOPERATIVA É UNHA BOA OPCIÓN”**

[En colaboración co Concello da Coruña]

DATAS REALIZACIÓN	Entre o 15 de setembro e o 31 de decembro 2023	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	Programaranse en función da dispoñibilidade dos centros de Ensino participantes, tanto en horario lectivo coma non lectivo.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Primarase a celebración, na modalidade presencial, nas instalacións postas ao dispor polos centros de ensino participantes. De non ser posible a realización na modalidade presencial, realizarase de xeito virtual a través da aula virtual de Espazocoop.		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

OBXECTIVOS

- 1) Achegar os modelos empresariais da economía social e nomeadamente o modelo cooperativo a comunidade educativa dos centros de ensino participantes.
- 2) Coñecer as condicións e pasos a dar e practicar as ferramentas para emprender baixo as fórmulas empresariais da economía social.
- 3) Contribuír á mellora das posibilidades de acceso ao mercado laboral das persoas participantes, a que coñezan ás cooperativas e as súas achegas sociais e económicas e a que valoren a posibilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa.
- 4) Apoiar a visibilización do tecido cooperativo presente na cidade dando a posibilidade de establecer un diálogo coas cooperativistas.

PROGRAMA E CONTIDOS

CICLO DE TÁBOAS REDONDAS “MONTAR UNHA COOPERATIVA É UNHA BOA OPCIÓN” | Quendas: 4

A quen vai dirixido: alumnado de últimos cursos tanto de educación secundaria como de ciclos formativos de formación profesional, que desexan coñecer as distintas posibilidades ao seu alcance cara a súa inserción no mercado laboral.

Programa da actividade

Coñecendo o cooperativismo a través de experiencia cooperativas reais. boas prácticas e oportunidades de emprendemento. Cun formato de táboa redonda, convidarase a persoas representantes de cooperativas que operen nos sectores de actividade das familias profesionais que se forman en cada centro. O persoal de Espazocoop dinamizará a mesa, achegando información sobre as opcións de emprendemento cooperativo que se lle abren o alumnado: As cooperativas xuvenís. O Certame de cooperativismo no ensino. As cooperativas convidadas presentan a súa empresa, os seus produtos e contan ás persoas participantes cales son as súas orixes, por que optaron pola fórmula cooperativa, como foi a súa traxectoria, se atoparon trabas e atrancos, que tipo de apoios tiveron... dinamizarase un diálogo entre as participantes.

METODOLOXÍA

Activa e participativa. A táboa redonda contará coa participación dunha persoa técnica de Espazocoop como dinamizadora, e persoas socias de varias cooperativas que operen nos sectores de actividade das familias profesionais cursadas en cada Centro participante. Proporanse unha serie de cuestións para que as cooperativistas acheguen a súa experiencia, medos, dúbidas, expectativas e logros. Recolleranse as consultas das participantes para establecer un diálogo enriquecedor.

DIRIXIDO A

Esta actividade dirixese ás comunidades educativas dos centros de ensino secundario e Formación Profesional da Coruña e a súa área de influencia.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña